



## DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 21 de setembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 15 de setembro, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 2017002712 de 18/04/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concelleira Delegada de Asuntos Sociais, mediante providencia de data 15 de setembro, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 30-X/2017**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
N150.2318.22610	Gastos programa axuda a domicilio (dependencia)	251.278,78 €
TOTAL.....		251.278,78 €

ORIXE DOS FONDOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
45026	Subv. Xunta programa axuda a domicilio (dependencia)	251.278,78 €
TOTAL.....		251.278,78

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.